



### 3.- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES.

#### *Artigo 1. Fundamento e réxime*

Este concello conforme ao autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e de acordo co previsto no artigo 20.4.t) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece a taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche de liñas, colocación e utilización de contadores, que se regulará pola presente ordenanza, redactada conforme ó disposto no artigo 16 da Lei reguladora das facendas locais citada.

#### *Artigo 2. Feito imponible*

Está constituído pola actividade desenvolvida con motivo da distribución de auga potable a domicilio, o enganche de liña á rede xeral e a colocación e utilización de contadores.

#### *Artigo 3. Dereito a percibir*

A obriga de contribuír nacerá no momento de prestarse o servizo anterior á correspondente solicitude ou desde que se utilice este sen obter a licenza previa, debendo depositarse previamente o pagamento correspondente ao enganche de contadores.

#### *Artigo 4. Suxeitos pasivos*

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, a que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos aos que se refire esta ordenanza.

Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais que se provea do servizo, as que se poderán repercutir, se é o caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

#### *Artigo 5. Base imponible e liquidable.*

A base do presente tributo estará constituída por:

- no subministro ou distribución de auga: os metros cúbicos de auga consumida no inmovible onde estea instalado o servizo.
- nas acometidas á rede xeral: o feito da conexión á rede por cada local comercial, vivenda individual.
- e na colocación e utilización de contadores: a clase de contador individual ou colectivo.



**CONCELLO**  
**DO CARBALLIÑO**  
(OURENSE)

PRAZA MAIOR, 1  
Telfno: 530007 - Fax: 530008  
32500 O Carballiño (Ourense)



### Artigo 6. Cota tributaria

1. A contía da taxa regulada nesta ordenanza será fixada na cota tributaria contida nos apartados seguintes:

<u>concepto</u>	<u>Euros</u>
<b>taxa auga (*)</b>	
cota de servizo €/hab.mes :	2,22 €
a) consumo de ata 10 €/m3/mes:	0,33831 €
b) consumo de 11 a 20 €/m3/mes:	0,51492 €
c) consumo de 21 a 30 €/m3/mes	0,64740 €
d) consumo de máis de 30 €/m3/mes:	0,96753 €
 Usos industriais:	
a) consumo de máis de 30 €/m3/mes:	0,75779 €

Para acceder a esta última tarifa deberase instar polo interesado acreditando estar de alta no IAE en tarifa de uso industrial.

<u>concepto</u>	<u>Euros</u>
<b>taxa depuración (*)</b>	
cota de servizo €/hab.mes :	1,58959 €
a) consumo de ata 10 €/m3/mes:	0,05817 €
b) consumo de 11 a 20 €/m3/mes:	0,05817 €
c) consumo de 21 a 30 €/m3/mes:	0,05817 €
d) consumo de máis de 30 €/m3/mes:	0,05817 €
 Usos industriais:	
a) consumo de máis de 30 €/m3/mes:	0,05817 €

Para acceder a esta última tarifa deberase instar polo interesado acreditando estar de alta no IAE en tarifa de uso industrial.

(\*) A estes importes engadiráselle o IVE correspondente.

### Artigo 7. Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables

De conformidade co disposto no artigo 9 do TRLRFL, non se recoñece ningún beneficio tributario, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de lei.

### Artigo 8. Normas de xestión

1. As comunidades de veciños, estarán obrigadas a establecer un contador xeral, para a comunidade coa excepción dos locais comerciais, sen prexuízo de que cada usuario



teña un contador individual. Os locais comerciais, así como as industrias, están obrigados a poñer contador individual, con tomar anterior ó contador xeral da comunidade. En todo caso, no prazo de tres meses, contados a partir da entrada en vigor da presente ordenanza, tódolos donos de comercio ou industrias, deberán cumprir o establecido no parágrafo anterior.

2. A acometida de auga á rede xeral, será solicitada individualmente, por cada vivenda, polo que será obrigatoria a instalación dun contador por vivenda unifamiliar. Dita solicitude, será presentada no concello.
3. Os solicitantes de acometida de enganche, farán contar o fin a que destinan a auga, advertíndose que calquera infracción ou aplicación diferente, daquela para a que se solicita, será castigado cunha multa na cantidade que acorde o concello, sen prexuízo de retirarlle o subministro de auga.
4. Cando o solicitante da acometida de auga efectuase, en data posterior á que deberá realizalo, satisfará como dereito de enganche o 200 por 100 do importe que lle corresponderá aboar por cada enganche.

#### *Artigo 9. Outorgamento da concesión*

A concesión do servizo, outorgarase mediante acto administrativo e quedará suxeito ás disposicións da presente ordenanza e as que se fixasen no oportuno contrato. Será por tempo indefinido en tanto as partes non manifesten por escrito, a súa vontade de rescindir o contrato e por parte do subministrador se cumpran as condicións prescritas nesta ordenanza e o contrato que queda dito.

#### *Artigo 10. Clasificación das concesións*

As concesións clasifícanse en:

1. Para usos domésticos, é dicir, para atender ás necesidades de vía e hixiene privada.
2. Para usos industriais, considerándose dentro destes, os hoteis, bares, tabernas, garaxes, estables, fábricas, colexios, etc.
3. Para usos oficiais.

#### *Artigo 11*

Ningún abonado pode dispoñer da auga máis que para aquilo que lle foi concedida, salvo causa de forza maior, quedando terminantemente prohibida, a cesión gratuíta ou a revenda de auga.

#### *Artigo 12*

Os gastos que ocasione a renovación de tubos, reparación de minas, pozos, mananciais, consumo, de forza, etc., serán cubertas polos interesados.

#### *Artigo 13*



Tódalas obras para conducir a auga, da rede xeral á toma do abonado, serán de conta deste, se ben, se realizará baixo a dirección municipal e na forma que o concello indique.

#### *Artigo 14*

O concello por providencia do Sr. alcalde, pode sen outro trámite, cortar o subministro de auga a un abonado, cando negue a entrada ao domicilio para o exame das instalacións, cando ceda a título gratuito e onerosamente a auga a outra persoa, cando non pague puntualmente as cotas de consumo, cando exista rotura de precintos, selos ou outra marca de seguridade posta polo concello, así como os “limitadores de subministro dun tanto alzado”. Tódalas concesións responden a unha póliza ou contrato suscrito polo particular e o concello que se fará por duplicado exemplar.

#### *Artigo 15*

O corte da acometida por falta de pagamento, levará consigo ao rehabilitarse, o pagamento dos dereitos de nova acometida.

#### *Artigo 16*

O cobro da taxa, farase mediante recibos trimestrais. A cota que non se fixera efectiva, dentro do mes seguinte á terminación do período respectivo, esixirase pola vía de constrinximento aos debedores do subministro de auga como queda dito.

#### *Artigo 17*

No caso de que por escaseza de caudal, augas sucias, secas, xeadas, reparacións etc., o concello tivera que suspender total ou parcialmente o subministro os aboados non terán dereito a ningunha reclamación, nin indemnización por danos, prexuízos ou calquera outro concepto, entendéndose neste sentido que a concesión faise a título precario.

#### *Artigo 18. Responsables*

1. Serán responsables solidariamente das obrigas tributarias establecidas nesta ordenanza tódalas persoas causantes ou colaboradoras na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, tódalas sociedades integrantes no grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.
2. Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción ás súas respectivas participacións as obrigas tributarias de ditas entidades.
3. Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria, en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas, consistirán no incumprimento por quen dependa ou dos que adopten acordos que fixeran posible as infraccións. Así mesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigas tributarias



que estean pendentes de cubrir polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades.

4. Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para total cumprimento das obrigas tributaria "devengadas" con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputables ós respectivos suxeitos pasivos.

#### *Artigo 19. Infraccións e sancións tributarias*

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta ordenanza, estarse ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable.

#### *Disposicións finais*

*Primeira.* O non previsto especificamente nesta ordenanza estarase ó disposto na Lei reguladora das facendas locais, na Lei xeral tributaria, nos regulamentos de recadación e inspección e na demais normativa de aplicación.

*Segunda.* A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no BOP, comezando a rexer o 1 de xaneiro de 2017. Permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

---

#### **- Aprobación provisional:**

**-- sesión do Pleno: 29/09/2016**

**-- publicación:**

**\* BOP nº. 230 do 05/10/2016**

**\* Diario "La Región" do 01/10/2016**

#### **- Aprobación definitiva:**

**-- modificación do artigo 6 (Cota tributaria) e da Disposición Final segunda.**

**-- sesión do Pleno: 01/12/2016**

**-- publicación:**

**\* BOP nº. 283 do 12/12/2016**

**\* Diario "La Región" do 12/12/2016**

**-- entrada en vigor: 01/01/2017**